

MEDIDAS CULTURAIS

- ⇒ NON UTILIZAR INSECTICIDAS PARA A SÚA ERRADICACIÓN PORQUE NON ENTRAN NA BUGALLA, E PODERÁN ELIMINAR O TORYMUS
- ⇒ NON ELIMINAR NUNCA AS BUGALLAS SECAS, PORQUE É ONDE PERMANECE O TORYMUS ATA A SÚA EMERXENCIA NA SEGUINTE PRIMAVERA
- ⇒ RECOMÉNDASE REGAR DURANTE O VERÁN PARA PROLONGAR O PERÍODO DE CRECEMENTO DE GROMOS NOVOS, ASÍ ESTES QUEDAN FÓRA DO PERÍODO DE POSTA DA AVESPA
- ⇒ DURANTE O INVERNO PÓDESE PODAR, PERO NON QUEIMAR OS RESIDUOS, AINDA QUE É MÁIS RECOMENDABLE A PODA NO VERÁN
- ⇒ RECOMÉNDASE ABONAR PARA INCREMENTAR O VIGOR DAS ÁRBORES



Os *Torymus* aliméntanse de néctar, polo que é importante deixar zonas con matogueiras, para que as súas flores den alimento aos parasitos.

CONTACTO E INFORMACIÓN

Para máis información sobre a praga, ou para informar da súa presenza, pode dirixirse ao seu **DISTRITO FORESTAL**, accedendo á seguinte páxina web:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/administracion/distritos-forestais>

Tamén pode recibir información en:

Servizo de Montes	A CORUÑA	OURENSE
	881 88 13 21 / 981 18 45 75	988 68 75 80 / 988 38 66 95
	LUGO	PONTEVEDRA
	982 29 48 76 / 982 29 45 31	986 80 54 08 / 986 80 54 11

Servizos Agrarios Galegos: 981 54 61 27



A LOITA BIOLÓXICA CONTRA A AVESPA DO CASTIÑEIRO

Dryocosmus kuriphilus



2,5-3 mm




2-2,5 mm

XUNTA DE GALICIA

Período de solta de *Torymus*

DRYOCOSMUS

TORYMUS



ESPECIES AFECTADAS POR DRYOCOSMUS

A praga causada por *Dryocosmus kuriphilus* afecta unicamente ao castiñeiro.


DESCRICIÓN E CICLO BIOLÓXICO DA AVESPA DO CASTIÑEIRO

Dryocosmus kuriphilus ten un ciclo de vida anual. A súa forma de reprodución é por partenoxénese, sendo femias todos os individuos.

Deposita os seus ovos dentro das xemas dos castiñeiros, das que un mes despois nacen as larvas, que pasan alí o inverno.

Cando brota o castiñeiro ao ano seguinte, o crecemento das larvas fai que se formen as bugallas (inchazón no tecido), e transcorridos uns 40 días (finais de maio-xullo), emerxen os adultos facendo un pequeno orificio de saída. De adultos viven pouco tempo, uns 10 días, e cada insecto pode poñer entre 150-200 ovos.

En Galicia o normal é atopar entre 2-5 larvas por cada bugalla.



Evidencias de danos: bugallas

DISPERSIÓN

A propagación lévase a cabo mediante o voo do adulto, transporte ou plantación co material infectado.

SÍNTOMAS

As bugallas son o síntoma máis característico e fácil de observar. Consisten en inchazóns dos tecidos, de cor verde ou vermella. Desenvólvese nas ramas novas, nos pecíolos das follas ou no nervio central das follas. Despois as bugallas secan e poden permanecer unidas á árbore ata dous anos.



MÉTODODE LOITA

O control baséase na loita biolóxica por medio do seu inimigo natural e específico o *Torymus sinensis*, que pon os seus ovos no interior das bugallas.

A solta do parasioide (*Torymus*) é o único método eficaz de loita fronte ao *Dryocosmus*.

As larvas do *Torymus* aliméntanse das larvas de *Dryocosmus*, polo que **non é recomendable eliminar as bugallas secas das árbores**, e na primavera seguinte saen os adultos de *Torymus*.

Existen ademais outros inimigos ocasionais e autóctonos da avespa que tamén atacan as bugallas dos castiñeiros e poden axudar ao control.



Solta de viais de *Torymus sinensis*



Adulto femia de *Torymus sinensis*